




DE MAZORGÁN A ESPASANTE RODEANDO A PUNTA DA BANDEXA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 9 a 10 km (lineal)

Dificultade: media



Unha camiñada para seguir coñecendo o litoral de Ortigueira nas parroquias de Céltigos e Espasante nos que se suceden os cantís e os areais. Unha costa dun enorme interese xeolóxico (variedade de rochas e de formacións), paisaxístico, ecolóxico (ecosistemas, flora e fauna pouco comúns...) e histórico-etnográfico (embarcacións, construcións tradicionais castros, ...) Unha parte está protexida no LIC "Estaca de Bares".



Rochas na praia de Arxúa (Mazorgán)



Praia do Sarridal

PERCORRIDO

Desde o lugar de **Mazorgán**, collendo o roteiro dos camiños naturais do Cantábrico, achegámonos á **praia do Sarridal** (hai un carreiro polo que se pode baixar o cantil para poder ir a ela e, se se quere, percorrela e chegar ata a Pedra do Carro ou Pedra Furada, son uns 2,5 km ir e volver), logo seguindo o roteiro, e facendo, onde se poida, desvíos por carreiros entre os toxos podemos achegarnos á beira dos cantís da **punta Bandexa** desde onde temos boas panorámicas da contorna, entre a Estaca de Bares e Ortegá, e do mar a bater na **Pedra Meá**. Hai que facer os desvíos porque as árbores (piñeiros e eucaliptos) impiden ver máis, a non ser pequenos detalles nalgún claro, ata comezar a baixada á praia de Mazorgán ou do Bimbieiro, desde onde temos unha completa panorámica da **enseada de San Antón**, as **praías de Mazorgán, o Eirón e San Antón** e a península da **punta dos Prados**, que no seu istmo acolle e abriga a localidade de **Espasante**. Desde a praia de Mazorgán, se a marea está baixa podemos pasar á praia do Eirón rodeando a Pedra do Castelo e da do Eirón á de San Antón para chegar a Espasante. Se a marea está chea podemos facer un percorrido semellante: seguindo un pouco o roteiro acondicionado podemos pasar á praia do Eirón e no seu remate coller un carreiro pouco transitado polo que se supera o promontorio que a separa da praia de San Antón e seguila logo ata Espasante; ou continuar sempre polo camiño sinalizado e subir uns 700 m, para superar 100 m de desnivel, ata a estrada que vai de Espasante a Céltigos e continuar por ela para baixar a Espasante. En Espasante é obrigado darlle a volta á Punta dos Prados para gozar da paisaxe, ver de preto a **garita da Casa da Vela**, a panorámica da localidade e a **enseada de Espasante, o castro e o porto**. Desde o porto vólvese polo paseo da **praia de Espasante ou de Santa Eulalia** á localidade pero podemos estender a camiñada ata o seu remate na desembocadura do **río Dola**. Esta praia ten unhas características diferentes a todas as percorridas: é abrigada, con dunas vexetadas (bastante estragadas) e humidaís de trasduna (en grande parte ocupados pola área de lecer e as edificacións).



Punta da Ribeira coa praia do Sarridal ao fondo



Punta e praia da Ribeira



A Pedra Meá desde a punta da Bandexa



Punta da Bandexa



Punta Barrosa



Puntas da Bandexa e Barrosa, e Os Castelos



Praia de Mazorgán ou do Bimbieiro



Pena Castelo, entre as praias de Mazorgán e O Eirón



Vista desde a punta dos Prados: praias de Mazorgán, Eirón e San Antón



Praia de San Antón e punta da Bandexa



Na praia de San Antón hai formacións rochosas de gran interese: basaltos, lavas almofadadas... procedentes de erupcións submariñas do Paleozoico e xistos con pregamentos.



Vista do monte de San Antón e a punta dos Prados desde a praia de San Antón



20-Casa da vela no cume do monte de San Antón, desde onde hai panorámicas de toda a costa da contorna. Esta construción formaba parte dun sistema de vixías situado en puntos estratéxicos da costa para avisar no caso de ataques que funcionou desde o século XVI.



Castro da Punta dos Prados.
Construción de uso termal.



Porto de Espasante



Punta dos Prados, co castro e a praia de Santa Cristina



Enseada de Espasante desde o monte de San Antón



Praia de Espasante. Coñécese tamén cos nomes de A Cuncha e Santa Eulalia e mide algo máis de 1 km de lonxitude.



Praia de Espasante e desembocadura do río Dola



Enseada de Espasante